

Os socialistas lucenses recaban as primeiras sinaturas de apoio para o manifesto “Lugo quere AVE”

Trátase dunha nova medidas emprendida polo PSOE para que a capital lucense e a provincia non quede sen Alta Velocidade e “buscará o apoio de todos os grupos políticos, así como o de todas as institucións, ademais das principais forzas sindicais, da Cámara de Comercio, da Confederación de Empresarios lucense (CEL) e mesmo da Federación de Veciños, para ser posteriormente remitido á ministra de Fomento” indicou Santín

O secretario Xeral dos socialistas galegos explicou que este manifesto responde a unha cuestión de absoluta xustiza xa que Lugo non pode perder o tren do AVE cando o compromiso da propia ministra foi que as capitais de provincia de toda España estiveran conectadas pola rede de Alta Velocidade, ante o que engadiu “ por iso, a responsable de Fomento debe dar un compromiso claro de que Lugo non vai quedar fóra”

López Orozco afirmou que “ é unha reivindicación que temos que facer e que non se vaian a crer que imos a estar calados. Queremos que Lugo tamén conte no que a ministra di que é o mellor do mundo, ou é que Lugo non merece o mellor do mundo?”

No manifesto “Lugo quere Ave” destacan que “Lugo corre o risco de converterse na única capital de provincia galega excluída da Alta Velocidade, Lugo corre o risco de perder o tren do futuro”. Pero a sociedade lucense non pode permanecer impasible ante estes feitos que pretenden manter á provincia nun illamento ferroviario con respecto ao resto de Galicia, España e Europa

LUGO, 10 DE ABRIL DE 2015.- Os socialistas –Ricardo Varela, Juan Carlos González Santín, Margarita Pérez Herraiz e Lara Méndez-, recabaron hoxe o apoio de José Ramón Gómez Besteiro e de José López Orozco para o manifesto “Lugo quere AVE”, enmarcado na campaña emprendida polos socialistas para que cidade e a provincia non queden sen Alta Velocidade.

Segundo explicou o secretario Provincial, “trátase do documento co que o PSOE buscará o apoio de todos os grupos políticos, así como o de todas as institucións, ademais das principais forzas sindicais, da Cámara de Comercio, da Confederación de Empresarios lucense (CEL) e mesmo da Federación de Veciños, para ser posteriormente remitido á ministra de Fomento”. “ Esperamos que este manifesto conte cun apoio extenso e nos permita ter unha estación como a que nos merecemos todos os lucenses”, aseverou.

Incumprimentos dos Gobernos do PP

O secretario Xeral dos socialistas galegos explicou que este manifesto responde a unha cuestión de absoluta xustiza xa que Lugo non pode perder o tren do AVE cando o compromiso da propia ministra foi que as capitais de provincia de toda España estiveran conectadas pola rede de Alta Velocidade, ante o que engadiu “por iso, a responsable de Fomento debe dar un compromiso claro de que Lugo non vai quedar fóra”. No senso dos incumprimentos, Gómez Besteiro afirmou que “o Sr. Feijoo tamén está a faltar á súa palabra, cando fai 6 anos prometeu que se o Ministerio non afrontaba a inversión para que Lugo tivera AVE, sería a propia Xunta a que financiaría a conexión de Lugo coa rede da Alta Velocidade”.

Pola súa banda, López Orozco afirmou que “é unha reivindicación que temos que facer e que non se vaian a crer que imos a estar calados. Queremos que Lugo tamén conte no que a ministra di que é o mellor do mundo, ou é que Lugo non merece o mellor do mundo?”.

A iniciativa socialista, que fora anunciada o pasado mes de marzo polo senador e o secretario provincial, xurde da deplorable situación na que se atopa a actual estación de tren de Lugo. “Unha situación que fai visible a falta de respecto que o PP de Lugo teñen a Lugo e á súa cidadanía e está a condenar aos lucenses a contar cunha estación está obsoleta e inservible”.

As medidas de reforma desplegadas polo Goberno do Sr. Rajoy, que consistiron en media ducia de botes de pintura branca e vermella, doce bloques e un chimpín, co obxectivo de facer un lavado de cara á actual estación, non é máis que un paso máis na tomadura de pelo aos lucenses con fins electoralistas para agochar a intención do PP, que non é outra que deixar fóra do mapa da Alta Velocidade á provincia de Lugo e aos seus cidadáns e cidadás.

Non sempre foi así

“O AVE parece afastarse cada vez máis de Lugo”, explican os socialistas, “aínda que non sempre foi así: no ano 2009, o Goberno de España comprometeuse a incorporar a nosa provincia á Alta Velocidade, proxectando un novo trazado entre Lugo e Ourense con velocidades superiores aos 250 km/h, con dobre vía electrificada en todo o seu percorrido e apta para tráfico mixto de viaxeiros e mercadorías. Tamén iniciou a construción da variante da Pobra de San Xiao, ao tempo que impulsou os estudos informativos no resto da liña e contratou a redacción dos proxectos construtivos en diferentes treitos”.

Igualmente, no ano 2010 o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo asinaron o convenio para a implantación da estación Intermodal na capital lucense que dera resposta ás novas necesidades xeradas pola chegada da Alta Velocidade. Concurso que se resolveu poucos meses despois, resultando gañador o proxecto Ponte Bela. Pero como viñeron denunciando nos últimos anos os socialistas da provincia “os avances acadados frearon en seco”. Dun tempo a esta parte, vimos comprobando como o AVE de Lugo desapareceu dos Orzamentos Xerais do Estado, as obras en marcha paralizáronse, os proxectos pendentes non avanza e o contrato da estación Intermodal foi anulado.

Única capital galega excluída

Así, no manifesto “Lugo quere Ave” destacan que “Lugo corre o risco de converterse na única capital de provincia galega excluída da Alta Velocidade, Lugo corre o risco de perder o tren do futuro”. Pero a sociedade lucense non pode permanecer impasible ante estes feitos que pretenden manter á provincia nun illamento ferroviario con respecto ao resto de Galicia, España e Europa. “Lugo necesita o AVE como un pulo económico e por xustiza social.

Por todo isto, “o documento pretende reclamar ao Ministerio de Fomento que cumpra os seus compromisos coa nosa provincia, retome as obras paralizadas, recupere os proxectos pendentes e impulse a estación Intermodal para que Lugo non quede excluída da alta velocidade”, explicaron.

Intensa campaña dos socialistas

Este un paso máis da intensa campaña que están a realizar os socialistas para evitar que Fomento continúe na mesma senda. De feito, onte mesmo, a deputada socialista –Pérez Herraiz- rexistrou no Congreso unha iniciativa para reclamar á ministra de Fomento que se conecte Lugo con Ourense por Alta Velocidade e solicitou que retomen o proxecto da Intermodal.

O obxectivo da deputada lucense é que a vertebración territorial do interior de Galicia sexa un feito, algo que suporá sen dúbida unha importante mellora no cadro produtivo e que reverterá nunha maior actividade e rendabilidade económica da propia infraestrutura.